



Manifestación comunista nas rúas de Praga (1950).

Unha das consecuencias da Revolución de outubro en Rusia foi a aparición dos partidos comunistas nacionais. O golpe dado pola facción bolxevique supuxo a desaparición da maioría (os menxeviques) do Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso, formación que pasou a denominarse Partido Comunista da Unión Soviética, convertido no único legal no novo estado.

Despois da Guerra Mundial, a socialdemocracia nos países belixerantes tiña que aturar o apoio a cadanseu goberno nacional na contenda. En consecuencia, nos países perdedores a derrota das forzas obreiristas era dobre: derrotados como país e derrotados como clase. Para os sectores que amosaran a súa disconformidade co apoio socialista aos gobernos en guerra, a revolución soviética era o camiño a seguir. Desde Moscova houbo un chamamento para que aqueles que discrepaban do conformismo dos partidos socialistas se constituísen en partidos comunistas e pasasen a ingresar na III Internacional, intento de superación da Internacional socialis-

maran a república e non dubidaron en executar –estando baixo custodia e co concurso dos Freikorps– os seus líderes Rosa Luxemburgo e Karl Liebknecht. En Hungría, Bela Kun dirixiu durante catro meses unha república soviética, que rematou coa intervención armada do exército romanés. Eran as primeiras manifestacións do que daquela se pretendía revolución mundial para construír o socialismo.

En marzo de 1919 tivo lugar o congreso fundacional da Internacional Comunista (tamén coñecida como III Internacional ou Komintern) coa presenza de partidos e organizacións duns trinta países. Seguíronlles congresos anuais

nos anos 1920, 1921 e 1922. Despois da morte de Lenin, e xa coa dirección de Stalin, en 1924 celebrouse o V congreso que impuxo a hexemonía do PCUS, a “bolxevización” dos partidos comunistas nacionais (moi febles) e a adopción do centralismo democrático como forma de autogoberno do partido, premisas que pasaron a formar a teoría da “construción do socialismo nun só país”: en definitiva, a subordi-

nación ao PCUS e aos intereses da URSS. Zinoviev perdeu a presidencia en beneficio de Bukharin.

Os congresos pasaron a celebrarse de maneira máis afastada. Así, o sexto celebrouse en 1928. Houbo unha chamada a unha maior ideoloxización

dos partidos comunistas e á procura de “compañeiros de viaxe”. Bujarin foi criticado por dereitista e tivo que dimitir, sendo substituído polo búlgaro Dimitrov. Tamén Trotski comezou a perder influencia.

O sétimo, celebrado en 1935, tivo que rectificar o ul-

traesquerdismo e, ante a existencia dos fascismos, promover fronte populares ou a converxencia con forzas socialistas e burguesas progresistas. Stalin xa tiña o mando único do PCUS despois de “gran purga”, cousa que supuxo que neste congreso Trotski perdesse calquera predicamento e tivese que abandonar a URSS. Consecuencia da teima conspirativa que padecía Stalin foron moitos os cadros comunistas – estranxeiros refuxiados na URSS ou rusos procedentes da guerra española – que foron tidos por sospeitosos de contaminación. Trotskista ou fascista, tanto ten: foron suprimidos.

Con esta traxectoria é doado deducir que a autonomía dos nacementos partidos comunistas foi efémera. Co mandato de Stalin, pasaron a seren seccións nacionais da Internacional Comunista. Non cabía máis que un partido por estado cunha única excepción: o Partit Socialista Unificat de Catalunya (PSUC), fundado en 1936, foi recoñecido como sección catalá da III Internacional.

A guerra mundial deixou en hibernación a Internacional Comunista. O posterior reparto de influencias levou a que en 1947 Stalin decretase que o Komintern fose substituído pola Kominform, organismo limitado á Europa oriental e suprimido en 1956.

## Do Komintern á Kominform

100 anos da Internacional Comunista

JOAQUIM VENTURA

ta (como esta superara a Primeira Internacional despois de que os anarquistas fosen expulsados en 1872).

O novo instrumento transnacional a favor da revolución proletaria (abandonada polos socialdemócratas) motivou diversas insurreccións, abortadas todas elas. A Liga Espartaquista (escisión do SPD reconvertida en Partido Comunista de Alemaña) foi combatida polos socialistas, que procla-

Cen anos despois da súa fundación e coa ollada –por obxectiva que pretendamos– alterada polo que foi a monstruosidade stalinista e as bonanzas do estado do benestar en Occidente, resulta complicado adiviñar algún signo de modernidade na III Internacional.

Sen embargo, cómpre facer o exercicio de situarnos en 1919, coa hexemonía do capitalismo

salvaxe e plutócrata vencedor na guerra e as miserias dunha clase obreira aínda explotada pero fiel á comodidade da socialdemocracia. Daquela, a Revolución soviética era paradigma de vangarda política e estética.

Para Silvio Pons, profesor na Universidade de Roma ‘Tor Vergata’ e director da Fundación Instituto

Gramsci, a Internacional Comunista –antes do seu secuestro por Stalin– xerou unha modernidade alternativa ao capitalismo. Nese senso, defende que a memoria de outubro de 1917 debe preservarse das narracións metahistóricas e da damnatio memoriae. E como herdanza do que foi a Komintern, sinala o papel nas loitas anticoloniais, antiimperialistas e antirracistas, á marxe da burocratización e do terror á que a URSS a someteu. Unha contradición, perdida calquera idea internacionalista, aínda non resolta como amosa o conflito entre marxismo-leninismo e globalización que exerce unha China cada día máis dominadora.

## Modernidade/ burocratización